CA2.2 - Coñecer e actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física, aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Coñecer de xeito teórico os diversos protocolos de primeiros auxilios ante situacións de atragantamento, movilizacións de lesionados, parada cardíaca e outras posibles situacións	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Coñecer actitudes e maneiras de proceder positivas e negativas para a saúde xeral e deportiva	TI	70
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente.	Coñecer as posibilidades que certos elementos de uso individual (calzado, roupa, ausencia de abalorios) poden aportar a saúde individual e a prevención de lesións		
CA2.6 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Respectar as normas básicas de seguridade e de obrigado cumprimento propias da clase de educación física		
CA3.1.1. - Explorar e coñecer dispositivos e aplicacións que poden axudar a preservar a saúde ae a coidar dos demais	Usar de xeito guiado o dispositivo DESA, de vital importancia na manobra de RCP. Facer un traballo coordinado cun compañeiro/a que fai masaxe cardíaco		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Ser capaz de chegar a puntos de encontro e solucións consensuadas, achegando aportacións positivas na resolución de conflitos		
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Ter disposición para realizar os protocolos de primeiros auxilios cunha mente aberta e tolerante		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Dominar de xeito autónomo unha rutina de mobilidade articular axeitada a actividade física posterior, recoñecéndoa coma un elemento protector da saúde		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Considerar a aplicación dos protocolos de primeiros auxilios nunha gran diversidade de situacións e en lugares distintos, con distintas posibilidades de axuda extrema	Baleiro	0
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental: - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: <ul style="list-style-type: none"> - Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar. - Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas. - Conduto PAS (protexer, avisar, socorrer), protocolo 112 e soporte vital básico (SVB). - Toma de decisións: - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Influencia do deporte na cultura actual: o deporte como fenómeno de masas, impacto social, aspectos positivos e negativos. - Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.

UD	Título da UD	Duración
6	Actividade física practicada na contorna natural	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Establecer e organizar secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Coñecer o concepto de individualidade a nivel psicofísico, así como as posibilidades do corpo e os métodos básicos para avaliar e mellorar as nosas CFB	TI	100
CA1.4 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Ser capaz de chegar a puntos de encontro e solucións consensuadas, achegando aportacións positivas na resolución de conflitos		
CA2.5 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Realizar as actividades propostas mantendo un espírito de respecto, colaboración e cumprimento das normas, recoñecendo sempre que os valores éticos e o fair play están por diante da victoria ou da derrota		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Participar cos compañeiros na creación de estruturas de xogo melloradas, analizando o executado con anterioridade. poñer en práctica os aspectos aprendidos de técnica individual ao servizo do xogo grupal		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Recoñecer as posibilidades que ten a motricidade propia, así coma as posibilidades de implementala e melloralala, respectando as características e rendemento propio e o dos demais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Usar a motricidade, o sentido do ritmo e as habilidades coordinativas propias para crear secuencias rítmicas e creativas cun sentido estético e armónico		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Realizar actividades motrices e deportivas na contorna natural do instituto, respectando a natureza e as normas propostas como medio para preservar a miña integridade e a dos demais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Saúde mental: - Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación. - Toma de decisións: - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. - Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura. - O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. - Novos espazos e prácticas deportivas. - Práctica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual do centro, que ofrece un amplo abanico de

posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

Actividades con diferente grao de complexidade, de tal maneira que poidan ser realizadas partindo de distintos niveis. Así mesmo, dependendo do momento de ensinanza-aprendizaxe seleccionaranse:

Actividades de presentación- motivación, de avaliación de coñecementos previos, de desenvolvemento dos distintos contidos, de consolidación, de síntese - resume, de reforzo e de ampliación.

Propiciar unha aprendizaxe significativa a partir dunhas experiencias previas que

permita a transferencia a outras situacións posteriores. Para iso debemos secuenciar as actividades de forma coherente buscando a funcionalidade.

Impulsar as relacións entre iguais fomentando a cooperación coa organización de tarefas estimulantes en grupo,

distribuíndo as responsabilidades individuais e evitando calquera tipo de discriminación.

Fomentar a autonomía, a iniciativa persoal, a creatividade, a responsabilidade, a actitude crítica e a competencia de

aprender a aprender a través da planificación de programas de actividade física partindo dun estado inicial valorado

e tendo en conta os condicionantes do contorno.

Favorecer o desenvolvemento persoal e social a través da actividade física e do deporte buscando actividades

significativas e satisfactorias para as persoas.

Fomentar a adquisición de sensibilidade e respecto polo medio natural mantendo unha

actitude responsable cara á
súa protección a través da realización de
actividades na natureza.

Promover a utilización das novas tecnoloxías
para informarse, comunicarse e avanzar nos
coñecementos propios das
ciencias da actividade física e do deporte.

Promover a aprendizaxe desde un punto de
vista construtivista, activo, levado a cabo
polos propios alumnos e
alumnas como principais protagonistas e co
persoal docente como guía.

En canto a organización do espazo realizarase
potenciando a máxima optimización, (tanto o
propio de educación

física como o común) adaptando a súa
utilización as características do grupo - clase.

Na organización e mantemento do material,
terase en conta o respecto ao mesmo e as
instalacións.

A organización do tempo, nas clases será de
50, aínda que este tempo verase mermado
polos desprazamentos ao

pavillón e polos cambios de roupa. Deste xeito, o tempo rela de práctica será duns 40 minutos.

Respecto a organización dos grupos, e convinte utilizar distintas modalidades de traballo, indo dende o traballo

individual, as parellas, pequenos grupos e pasando por modalidades de traballo por grandes grupos.

En resumo, trataremos de que o alumnado desenvolva as competencias básicas que lle permitan constituírse en

persoas autónomas, capaces de aprender por si mesmas, contribuíndo á súa capacidade de tomar decisións

responsables sobre cuestións relacionadas coa actividade física e a saúde e a xestión activa do tempo libre.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Balóns de fútbol, baloncesto, voleibol, balonmán.
Pelotas de goma espuma, tenis, volantes de bádminton.
Colchonetas, quitamedos

Compás.
Picas, balóns medicinais
Vallas, discos
Conos, aros, cordas
redes de bádminon, voleibol, postes.
Porterías de fútbol. Petos. Chifres e cronómetros.
Infladores de balóns (manual e eléctrico). Encerado.

O material propio do alumnado será:

Roupa deportiva que permita realizar movementos amplos e folgados, preferentemente feitos de materiais que favorezan a transpiración.

Calzado deportivo que se ate mediante cordóns (nunca velcro), que teña un piso que permita unha amortiguación axeitada e protexa as articulacións dos membros inferiores. Se o profesor o solicita, na época de mal tempo, haberá que traer calzado deportivo seco, para poder cambiar aquel que se trae da calle.

- Mochila e utensilios de hixiene

- Caderno para apuntes e realización de actividades escritas, nos casos de que se solicite.

- Bolígrafo, lapis e goma.

O uso da aula virtual e do programa edixgal serán referentes de traballo (contidos teóricos), onde o alumnado atopará os apuntamentos, datas de exames e outras novas relacionadas coa práctica docente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O inicio do curso, farase unha pequena proba práctica (batería de test de condición física) para coñecer o nivel de partida motriz do alumnado. Hai que ter en conta que na materia de educación física este nivel de competencia motriz é xeralmente moi dispar e resulta imprescindible coñecer o punto de partida para poder adaptarse ao grupo, tanto a nivel individual como no funcionamento grupal. Igualmente avaliarase o punto de partido de competencia da técnica e a táctica a nivel individual, especialmente relacionadas con aquelas U.D. que traballen habilidades

deportivas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	20	0	30	0	30	0	14
Táboa de indicadores	80	100	70	100	70	100	86

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para todas as unidades terase o seguinte:

Procedemento de Avaliación: Tarefas de clase (traballo na aula en relación as actividades e exercicios propostos, probas de execución práctica de técnicas deportivas e resolución individual e/ou colectiva de situacións motrices relacionadas cos contidos)

Instrumento de Avaliación: Táboa de indicadores.

Peso no total en cada UD:

UD1.....80%

UD2.....100%

UD3.....70%

UD4.....100%

UD5..... 70%

UD6.....100%

Preguntas curtas e de desenrolo

Instrumento de avaliación: Proba escrita

Peso total en cada UD:

UD1..... 20%

UD2.....0% non hai proba escrita

UD3.....30%

UD4..... 0%.non hai proba escrita

UD5..... .30%

UD6..... 0%, non hai proba escrita

Será necesario acadar a metade do porcentaxe de cada parte para que se faga media entre as dúas partes

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden

ver no apartado 3.1 da programación. Así teríase o seguinte:

Primeira avaliación = $(25 \times \text{NotaUD1} + 15 \times \text{Nota UD2})/40$

Segunda avaliación = $(15 \times \text{Nota UD3} + 15 \times \text{Nota UD4})/30$

Terceira avaliación = $(15 \times \text{Nota UD5} + 15 \times \text{Nota UD6})/30$

A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións decada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

Avaliación final ordinaria = $(40 \times \text{Nota_1ª aval} + 30 \times \text{Nota_2ª aval} + 30 \times \text{Nota_3ª aval})/100$

Tamén se pode calcular esta cualificación final en función dos pesos das distintas unidades didácticas, mediante a seguinte expresión matemática: $(25 \times \text{NotaUD1} + 15 \times \text{NotaUD2} + 15 \times \text{NotaUD3} + 15 \times \text{NotaUD4} + 15 \times \text{NotaUD5} + 15 \times \text{NotaUD6})/100$

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, tanto parciais como a final, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, deberá modificarse a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar a terceira avaliación non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase proporcionalmente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado poderá establecer o procedemento para poder

recuperar partes da materia non superadas.

En todo caso, antes da avaliación final existirá un período para a realización de actividades de recuperación

para o alumnado que teña partes sen superar da materia, que impiden que obteña unha cualificación mínima de un 5 na avaliación final ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Durante o mes de outubro, e logo da avaliación inicial, o alumnado que teña esta materia pendente recibirá por

escrito un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo

profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do

profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. A

xefatura do departamento didáctico ao que pertence a materia velará pola realización do plan.

O plan de reforzo incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia pendente.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os

axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa

avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.

Tamén sería importante recibir da persoa titora e do departamento de Orientación toda a información dispoñible

sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:

- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.

- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas de atención á diversidade como as seguintes:

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO, DIFICULTADES COORDINATIVAS E/OU NIVEL FÍSICO MOI BAIXO

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido, etc.

- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido),

refuerzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-
autoconcepto do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividades, etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO E/OU ALTOS NIVEIS DE CONDICIÓN FÍSICA E DESTREZA MOTRIZ

- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.

- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender, aumentar a esixencia física (volumen e intensidade) ou o nivel de dificultade motórica.

- Ampliación curricular de enriquecemento

horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro, e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Tratamento e fomento da lectura.	X	X				
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X				
ET.3 - Competencia dixital	X	X				
ET.4 - Fomento da convivencia no centro	X	X				
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X	X				
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro	X	X				

Observacións:

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA. Desde esta materia, e tendo en conta o Plan lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora.

EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado.

COMPETENCIA DIXITAL Na materia fomentarse a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo

documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO a través da materia e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES Dende esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, ...).

IGUALDADE DE XÉNERO Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións

interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora.

FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO Respectarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Recreos activos	Actividades deportivas diversas ao longo do curso, en horario de recreo, no pavillón	X	X	X
Torneo de fútbol sala	Liga de fútbol sala no recreo, durante o primeiro trimestre, no pavillón	X		
Xogos populares	Participación e organización de distintos xogos populares galegos, en datas sinaladas	X	X	
Torneo de bádminton	Torneo individual e por parellas de bádminton, no segundo trimestre, no pavillón		X	
Torneo baloncesto	Torneo de 3x3 de baloncesto, no terceiro trimestre, no pavillón			X

Observacións:

Non se ten prevista ningunha actividade extraescolar, xa que as que aparecen anteriores fanse en horario lectivo e considéranse complementarias. En todo caso, caso de que xurdira algunha (extraescolar) ao longo do curso, comunicaríaase ao Vicedirector do centro, con suficiente antelación, para iniciar o procedemento para a súa aprobación. Indicaríanse os seguintes datos:

- Título da actividade:
- Descrición da actividade:
- Obxectivos:
- Lugar e data previstos:
- Alumnado destinatario:
- Profesorado acompañante:
- Custe económico:
- Departamento/s colaborador/es:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.

Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Metodoloxía empregada
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades do alumnado
Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación.
Existiu coordinación entre o profesorado do departamento.
Outros
O que estivo ben foi.
O que estivo mal foi.
Propostas de mellora.

Descrición:

Ao final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estas táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas

reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Nas reunións mensuais do departamento didáctico tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento da programación didáctica.

Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade

docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación. Do mesmo modo, finalizado o curso, tamén se fará unha avaliación e unha memoria da programación da materia, onde se recollerán os seguintes apartados:

- A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- D.- Motivos das modificación feitas.
- E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

9. Outros apartados

1. Distribución temporal dos contidos atendendo a factores externos

Debido as características especiais da asignatura, na que é moi dificultoso levar unha planificación temporal estricta e inmutable, compre dicir que algúns contidos poden ver variada a súa temporalización tal como se reflexa na distribución das Unidades didácticas (punto 3 da programación Proens). Estas variacións poden xurdir pola disposición ou non do material necesario para impartir devanditas UD (no caso da UD de Primeiros auxilios, depéndese de cando se reciba o préstamo do DESA e os torsos de RCP por parte do CEFORE de Lugo, Noutros casos, en actividades que se fan no exterior ou no medio natural, depéndese da meteoroloxía). De calquer xeito, se existen cambios na distribución temporal, daráse conta dos mesmos no apartado de "seguimento" da programación.